



ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO CONCELLO PLENO 15-06-2019

ASISTENTES :

Alcalde-Presidente :

Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

Concelleiros :

Dn^a. María Vitoria Montenegro Paz

Dn. José Juan Vilar Rico.

Dn^a. Olimpia Marcos García.

Dn^a. Alma Beatriz Barrón Ferro.

Dn^a. Lucia Blanco García.

Dn^a. Noelia Montero Candal.

Dn. José Manuel Cendán Fernández.

Dn^a. Josefina Martínez Martínez.

Dn. Marcos Carballo Sarmiento.

Dn. Emilio Mesías Farías.

Dn^a. Cristina Cadena Freire.

Dn. Luis Cendán Fernández.

Secretario :

Manuel Larrosa Rodríguez.

Na localidade de Ares, ás doce horas e tres minutos do día quince de xuño de 2019; en cumprimento do disposto nos artigos 195.1 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e 37.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e para o efecto de levar a cabo a constitución do novo Concello de Ares, consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado día 26 de maio de 2019 en virtude do R.D. 209/2019, de 1 de abril polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla, as Corporacións Locais constituíñense o vixesimo día posterior á celebración das eleccións, despois de ver os resultados das eleccións do pasado día 26 de maio para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnen os Sres. concelleiros enumerados ao marxe asistidos polo secretario que da fe do acto.

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

A continuación o secretario da Corporación unha vez declarada aberta a sesión ao concurrir a maioría absoluta dos concelleiros, nos termos do artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño do réxime electoral xeral e 37.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro e, atendendo ao disposto neles procédese a constituir a mesa de idade.

O Sr. Secretario da lectura aos artigos 195,2,3,4 da Lei Orgánica 5/1985 e 37.2 do R.D. 2568/1986.

Ao existir dous membros de maior idade coa mesma data de nacemento e non habéndose acreditado polos mesmos o primeiro nacido, nos termos do

artigo 196 da Lei Orgánica 5/1986, do 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral, procede efectuar sorteo.

Pide a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández o cal renuncia ao sorteo expoñendo :

Eu non vou a intervir no sorteo. Él sabe de sobras quen é o maior. Non vou a participar.

Acto seguinte polo Sr. Secretario solicítase ao concelleiro Dn. Luis Cendán Fernández para que pase a presidir a Mesa de idade acompañado de Dona Noelia Montero Candal como concelleira electa de menor idade.

A Mesa de idade queda integrada por Dn. Luis Cendán Fernández, unha vez efectuada a renuncia ao sorteo por Dn. José Manuel Cendán Fernández, que a preside, e por Dona Noelia Montero Candal, concelleira electa de menor idade.

COMPROBACIÓN PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

A Xunta electoral de zona de Ferrol en cumprimento do que dispón o art. 108.5 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño estendeu acta de proclamação con data 31 de maio de 2019 do resultado das eleccións municipais celebradas o pasado día 26 de maio na circunscrición electoral de Ares, proclamando aos seguintes concelleiros electos :

- Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo.
- Dn^a. María Victoria Montenegro Paz.
- Dn. José Juan Vilar Rico.
- Dn^a. Olimpia Marcos García.
- Dn^a. Alma Beatriz Barron Ferro.
- Dn^a. Lucia Blanco García.
- Dn^a. Noelia Montero Candal.
- Dn. José Manuel Cendán Fernández.
- Dn^a. Josefina Martínez Martínez.
- Dn. Marcos Carballo Sarmiento.
- Dn. Emilio Mesias Farias.
- Dn^a. Cristina Cadena Freire.
- Dn. Luis Cendán Fernández.

Pola secretaría informáse que non consta a presentación de reclamación, protesta ou recurso ante a proclamación.

Despois, o secretario da mesa procede a ler tódalas credenciais acreditativas da personalidade dos concelleiros electos que lle foron entregadas e á comprobación destas.

O Sr. Presidente da mesa de idade invita aos Sres. concelleiros electos a que expoñan neste acto se lles afecta alguna causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación, sen que haxa ningunha manifestación por parte deles.

Pola secretaría informáse que tódolos concelleiros presentaron as credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol de data 31 de maio de 2019 e, que de conformidade co disposto no art. 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local segundo redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 7/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana -Disp. Adc.9^a-

presentaron nesta secretaría a preceptiva declaración para a inscrición nos Rexistros de Bens Patrimoniais e de actividades e liquidacións do IRPF, e no seu caso de Patrimonio e Sociedades.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño do réxime electoral xeral e do artigo 37.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, do réxime electoral xeral de prestar xuramento ou promesa.

ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA

Despois de que o secretario do Concello lea o artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, do réxime electoral xeral referido á toma de posesión dos concelleiros electos, procédese a nomear a todos os Sres, concelleiros electos para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realizáse utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979 do 5 de abril regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e función públicas.

A continuación, o secretario da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos e o Sr. Presidente da mesa de idade lé á fórmula a cada un deles : **“Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”**, que se manifestan da seguinte maneira :

- Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo : Sí xuro.
- Dn^a. María Victoria Montenegro Paz : Sí prometo.
- Dn. José Juan Vilar Rico : Sí prometo.
- Dn^a. Olimpia Marcos García : Sí prometo
- Dn^a. Alma Beatriz Barron Ferro : Sí prometo.
- Dn^a. Lucia Blanco García : Sí prometo.
- Dn^a. Noelia Montero Candal : Sí prometo.
- Dn. José Manuel Cendán Fernández : Sí prometo.
- Dn^a. Josefina Martínez Martínez : Sí xuro.
- Dn. Marcos Carballo Sarmiento : Sí prometo.
- Dn. Emilio Mesias Farias : Sí prometo por imperativo legal e comprometome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Ares e do pobo galego.
- Dn^a. Cristina Cadena Freire : Sí prometo por imperativo legal e comprometome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Ares e do pobo galego.

A continuación Dn^a. Noelia Montero Candal, integrante da mesa de idade, pregunta ao Sr. Presidente da mesa de idade, que se manifesta da seguinte maneira :

- Dn. Luis Cendán Fernández : Sí prometo.

Seguidamente o Sr. Presidente da Mesa de Idade manifesta que cumpridos os trámites preceptivos, habendo concurrido a maioría absoluta dos concelleiros electos nos termos do artigo 195.4 da lei 5/1985 do réxime

electoral xeral, en exercizo das competencias que outorga a lexislación vixente proclama formalmente constituída a corporación municipal de Ares.

ELECCIÓN DO ALCALDE

Posteriormente, o Sr. secretario do Concello, de orde do Sr. Presidente da mesa de idade procede á lectura do artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, sobre procedemento da elección do alcalde-presidente da Corporación.

O Sr. Secretario expón que o artigo 102.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece que a votación segreda soamente poderá utilizarse para a elección e destitución de persoas. Ante a expresión facultativa “poderá” e dado que a Lei 7/1985, de 2 de abril e a Lei Orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral non establecen nada, pódese afirmar que non hai base legal para sustentar a votación segreda como forma obrigatoria.

a) Proclamación de candidatos á alcaldía

Despois disto, o presidente da mesa de idade de conformidade co artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, dí que poden ser candidatos os cabezas de lista de cada candidatura e pregunta aos concelleiros que encabezan as listas se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran.

O Sr. Mesías Farías en nome do B.N.G. pide a palabra e expón : Bos días a todos e a todas, grazas Sr. Presidente. O mandato da veciñanza nas pasadas eleccións municipais foi claro e condudente ao respecto do rol que debemos desempeñar os grupos aquí representados. A xente de Ares quere que o PSOE leve as responsabilidades de goberno e o resto dos grupos estemos na oposición. É así porque hai unha maioría absoluta e calquera situación diferente non tería sentido; como sempre fixemos nestos casos e atendendo ás mensaxes das urnas, o BNG non vai a presentar candidato á alcaldía. Temos a responsabilidade de defender o noso programa electoral e así o faremos propoñendo as medidas que nel están incluídas e realizar unha política inherente á nosa labor de oposición que non é outra que a de fiscalización e control das prácticas e do traballo do goberno municipal. Así o faremos. Moitas grazas.

Sr. Presidente da mesa de idade : vaise a proceder á votación ordinaria, a cal dá o seguinte resultado :

Sr. Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, candidato do partido P.SdeG-P.S.O.E. : 7 votos.

Sr. Dn. José Manuel Cendán Fernández, candidato do partido P.P. : 3 votos.

Sr.Dn. Luis Cendán Fernández , candidato do partido Nueva Alianza : 1 voto.

Sr. Presidente : Á vista do escrutinio esta Presidencia da Mesa de Idade **proclama alcalde electo do Concello de Ares a Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo** que obtén a maioría absoluta requerida polo artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño do réxime electoral xeral que encabeza a lista presentada polo P.SdeG-P.S.O.E.

TOMA DE POSESION

A continuación, o Sr. Secretario expón que de conformidade co artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e, co artigo 40.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se

aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. presidente da Mesa de Idade debe formularse a Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo xuramento ou promesa de acatamento á Constitución nos termos do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

O Sr. presidente procede a dar lectura á fórmula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte contido literal : **“Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”**.

Resposta o Sr. Julio Ignacio Iglesias Redondo : Sí xuro.

Despois de realizar o xuramento, o **Sr. presidente da Mesa de Idade proclama alcalde a D. Julio Ignacio Iglesias Redondo alcalde do Concello de Ares** e faille entega dos atributos do seu cargo, bastón de mando e Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo pasa a ocupar a presidencia da Sala, polo que se dissolve a Mesa de Idade.

A continuación, Dn. Julio Ignacio Iglesias, alcalde-presidente toma a palabra ee dirixe unas verbas de agradecemento aos señores concelleiros e público asistente :

A verdade e que é un día de moita emoción porque, efectivamente é a cuarta vez na que dalgunha maneira recibo a confianza dos vecinos e veciñas de Ares que son, que é a xente coa que vivo, me movo e en definitiva a xente coa que compartimos as alegrías e as penas. Non hai nada para min máis importante que haber sido alcalde do meu pobo. En 1979 eu tiña 13 anos, fai exactamente corenta anos. Nalquel momento eu xa vivin de forma especial a elección de Pepe Gil. Era un cativo e tiñamos a sede no baixo de Titín onde logo foi o pub e lembro pasar por ali después das eleccións e levei a alegría de todos aqueles militantes históricos, que moitos sabemos deles que xa non están entre nosotros, pois celebrando nin máis nin menos que aquél hito histórico de volver a recuperar a vida e normalidade democrática nesas eleccións de 1979. Corenta anos máis tarde xa temos unha historia. Houbo dez procesos de eleccións democráticas e en sete deron lugar a alcaldes socialistas. Foi Pepe Gil, foi Rosa Miguelez, foi Vilasánchez e, agora xa digo corenta anos máis tarde teño a honra de repetir como alcalde. A toda esa xente que nos acompañou todos istos anos, a esos alcaldes do partido socialista que fixeron efectivamente historia no pobo de Ares e ós cales eu me uno durante catro legislaturas seguidas, o cal para min colma absolutamente todas mis expectativas na vida política, quero dedicar este triunfo e por suposto a Victoria que me acompañou dende o primeiro día e ó resto dos concelleiros que volveron a decirme que si e ó resto dos compañeiros que estiveron no resto da lista que tamén se comprometeron nestas eleccións para volver a intentalo porque sin elos está claro que sería moi distinto. A súa confianza nunca será defraudada e, por suposto á miña familia que a pesar de todo sempre me apoiou. Moitissimas grazas e sen dúbida alguna sodes os mellores xefes que podo ter. Moi amables.

Neste momento levanto a sesión invitando a tódolos presentes a unirnos xuntos na festa da democracia nun pequeno vino aquí no casino de Ares e por suposto estaría ben que empezarámos a traballar todos xuntos establecendo unha relación e unhas bases nesta legislatura que efectivamente espero sexan tamén produtivas e, por suposto con todos vosoutros que sodes o pobo soberano.

Seguidamente, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, alcalde-presidente, da por rematada a sesión ás 12 horas e 26 minutos no día e lugar ao principio indicado, do que, como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

O Secretario,